



## BANDO INFORMATIVO

**APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDE DE AXUDAS DESTINADAS AO ALUMNADO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA QUE, POR CAUSAS SOBREVIDAS E IMPREVISTAS OCORRIDAS AO LONGO DO CURSO ACADÉMICO 2020/21 OU POR UNHA SITUACIÓN DERIVADA DA COVID-19, TEÑA DIFICULTADES ECONÓMICAS PARA CONTINUAR OS ESTUDOS**

**MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE do Concello de Oroso**

**INFORMA:** Da apertura do prazo de solicitude das axudas destinadas ao alumnado do Sistema Universitario de Galicia que, por causas sobrevidas e imprevistas ocorridas ao longo do curso actual ou por situación derivada da COVID-19 teña dificultades económicas para continuar os estudos.

**FINALIDADE:** axudas destinadas ao alumnado matriculado en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, no curso académico 2020/21, nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas ocorridas durante o actual curso académico ou por unha situación derivada da COVID-19 que lle impida ou dificulte a continuidade dos seus estudos.

**PERSOAS BENEFICIARIAS:** Alumnado matriculado en estudos universitarios oficiais.

**TIPOS DE AXUDAS:**

1. Causas sobrevidas no curso académico 2020/21, entendido como tal o comprendido entre o 1 de xullo de 2020 e o 30 de xuño de 2021, de necesidade urxente de recursos económicos para paliar a situación de emerxencia derivada dunha causa sobrevida e imprevista, tales como orfandade absoluta, situación de desemprego, enfermidade grave...
2. Causas xurdidas como consecuencia da COVID-19, estando algún dos sustentadores principais da unidade familiar en situación de desemprego, en ERTE ou calquera outra situación que supoña unha mingua económica ou laboral como consecuencia directa da COVID-19.

**LUGAR DE INFORMACIÓN:** Departamento de Servizos Sociais do Concello, Rúa do Deporte 5-7 baixo, Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono 981 688 950. (Diario Oficial de Galicia nº 6 do 12 de xaneiro de 2021).

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** ata o 2 de agosto de 2021.

Oroso, 12 de xaneiro de 2021.

O Alcalde, Manuel Mirás Franqueira.